



Editado pola Federación de Cineclubes de Galicia · FECIGA



<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Vostede é ceibe de:

Compartir, copiar, distribuir, executar e comunicar públicamente a obra do mesmo xeito que este material. Non facer obras derivadas e con propósito comercial



Carta dos Dereitos do Público



Aprobada na Asemblea Xeral do 30 aniversario da FICC en Tábor
(República Checa) o 18 de setembro de 1987

1. Cada persoa ten dereito a recibir todas as informacións e comunicacións audiovisuais. Por iso debe ter os medios para expresarse e dar a coñecer seus propios xuízos e opinións. Non se pode ter humanización sen verdadeira comunicación.
2. O dereito ao arte, ao enriquecemento cultural, á capacidade de comunicación, fonte de toda mutación cultural e social, é un dereito inalienable. É a garantía dunha verdadeira comprensión entre os pobos, a única vía para evitar as guerras.
3. A formación do público é a condición fundamental, incluso para os autores, para a creación de obras de calidade. Só ela permite a expresión do individuo e a comunidade social.
4. Os dereitos do público corresponden ás aspiracións e posibilidades dun desenvolvemento xeral das súas facultades creativas. As novas tecnoloxías deben utilizarse con este fin e non para a alienación das masas.
5. Os espectadores teñen o dereito de organizarse de maneira autónoma para a defensa dos seus intereses. Co fin de acadar estes obxectivos, e de sensibilizar ao maior número de persoas cara as novas formas de expresión audiovisual, as asociacións de espectadores deben poder dispor de estruturas e de medios postos a súa disposición polos entes públicos.
6. As asociacións de espectadores teñen o dereito de estar asociadas na xestión e de participar no nomeamento dos responsables dos organismos públicos de produción e distribución do espectáculo así como dos medios públicos de información.
7. Público, autores e obras non poden utilizarse sen o seu consentimento para fins políticos de proselitismo comercial u outros. Nos casos de instrumentalización ou de abuso, as organizacións de espectadores terán o dereito de esixir rectificacións públicas e indemnizacións.
8. O público ten dereito a unha información correcta. Por este motivo rexeita calquera tipo de censura e de manipulación, e se organizará para facer respetar en todos os medios de comunicación de masas a pluralidade de opinións como expresión do respecto aos intereses do público e ao seu enriquecemento cultural.
9. Diante da universalización da difusión informativa e do espectáculo, as organizacións do público uniránse e traballarán conxuntamente no plano internacional.
10. As asociacións de espectadores, reivindicán a organización de investigacións sobre as necesidades e a evolución cultural do público. Polo contrario se opoñen aos estudos con obxetivos mercantiles tales como as enquisas sobre índices de audiencia e aceptación.